

XUSTIZA ARTIFICIAL 1373

Simón Casal, 2024

ESTREA EN NUMAX: 13.09.2024 | V.O. | +12 | 94 min

O goberno español anuncia un referendo para aprobar un polémico sistema de Intelixencia Artificial que promete automatizar e despolitizar a xustiza substituíndo os xuíces e xuízas en todo o país. Carmen Costa, unha recoñecida xuíza, é invitada a traballar no desenvolvemento do proxecto, pero a repentina desaparición da creadora do sistema provoca unha gran desconfianza nela. Axiña entende que está a descubrir unha conspiración que pretende controlar, desde a xustiza, a todo o país.

«Hai ecos da ci-fi máis canónica e do thriller político herdeiro de Alan J. Pakula»

Paula Arantzazu Ruíz, CINEMANÍA



Entrevista con Simón Casal: «É triste renunciar ao progreso porque o ser humano prefire ser corrupto»

Por Virginia Drake

Xustiza artificial expón os beneficios de deixar a Xustiza en mans da intelixencia artificial. Parece que súa Señoría se mete unha boa lea [risas]. Amén!, aínda que a expresión é máis de curas... O tema é inquietante porque nós somos inquietantes. O problema non me parece que sexa a IA, senón os que a creamos, porque a IA está en mans de quen a manexa.

As sentenzas xudiciais ditaríaaas un programa. A independencia e a obxectividade do poder xudicial levada ata as súas últimas consecuencias: a IA axilizaría a Xustiza, sería máis económica, máis rápida, máis obxectiva... máis xusta? Substituíriase aos xuíces por unha IA, pero a Xustiza é lenta non porque o sistema humano sexa malo, senón por unha tremenda falta de recursos. Outra cousa é que non conveña que funcione con máis rapidez. Ese é o tema: isto nunca vai funcionar porque non se destina o diñeiro necesario para que o noso sistema xudicial sexa operativo.

O progreso dános medo porque está en mans de quen o pode manipular. Modifican un algoritmo e condénanme a cadea perpetua [risas]. Exacto! Onde hai poder hai corrupción, e non se pode deixar a Xustiza en mans desas industrias que controlan a IA e operan por detrás. Que triste renunciar ao progreso porque o ser humano prefire ser corrupto, malvado e cruel!

Somos xa como marionetas ás que calquera pode mover polos seus fíos? É que é así. A película pretende facer reflexionar sobre os perigos daquilo que estamos a crear. Somos nós quen estamos aceptando que outros rexan as nosas vidas.

O seu coche ten piloto automático? Non, grazas [ri].

É que mete medo pensar que, como na película, un asasino desde o seu móbil controle o noso coche e o espete. Poderán matarnos sen levantarse do sofá.

Levamos xa moito cedendo os nosos dereitos e dándolles o poder de que fagan coas nosas vidas o que queiran. Estamos a tempo de frear todo isto e lembrar que podemos elixir en quen ou en que nos queremos converter. Aínda podemos non usar determinados chats nin comprar coches intelixentes nin asistentes virtuais...

Difícil xa sermos analóxicos neste mundo. Hai vinte anos o mundo era outro. Todo mudou radicalmente pero eu aínda non me sinto superada. Vivo no campo, con outra perspectiva das cousas e procuro conseguir o que necesito doutro xeito.

Publicado en elcorreo.com



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

La inteligencia artificial o el desafío del siglo,
Éric Sadin.
Caja negra, 2020

Inteligencia artificial y Administración pública,
Carles Ramió.
Catarata, 2019